

Condicións específicas da Tarifa Indexada

1. DEFINICIÓNS

1.1. Todos os termos en maiúscula incluídos neste documento serán interpretados conforme se definen nel e, en ausencia de definición, tal e como están definidos nas Condicións Xerais do Contrato de Subministración de enerxía eléctrica suscrito entre a Contratante e SOM ENERGIA, SCCL.

2. OBXECTO

2.1. A Contratante solicitou contratar a Tarifa Indexada, para o cal é un requisito esencial formalizar a contratación previa ou simultánea do Contrato de Subministración.

2.2. A Tarifa Indexada é unha tarifa do mercado libre indexada con tantos prezos por día como unidades de tempo (MTU, pola súa sigla en inglés: *Market Time Unit*) previstas na normativa que regula o mercado diario grosista da enerxía, calculada consonte a fórmula indicada na cláusula 5 destas Condicións Específicas. O seu prezo é variábel e depende dos cambios que se producen cada día no mercado grosista da enerxía (OMIE). No caso dos contratos situados en Canarias e Baleares, o seu prezo tamén é variábel e depende do prezo do despacho de carga de Rede Eléctrica fixado para cada un dos sistemas eléctricos insulares.

2.3. O obxecto destas Condicións Específicas da Tarifa Indexada (en diante, «Condicións Específicas» ou «Condicións Específicas da Tarifa Indexada») é adaptar as Condicións Xerais do Contrato de Subministración como consecuencia da contratación da Tarifa Indexada. Así, estas Condicións Específicas da Tarifa Indexada intégranse e forman parte inseparábel das Condicións Xerais do Contrato de

Subministración, e o seu contido prevalecerá sobre todo o que recollen as Condicións Xerais do Contrato de Subministración.

3. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

3.1. Estas Condicións Específicas estarán en vigor desde a data que consta nelas, malia que a súa vixencia está condicionada á vixencia do Contrato de Subministración.

3.2. Se a contratación da Tarifa Indexada é simultánea á formalización do Contrato de Subministración con SOM ENERGIA, SCCL, a vixencia deste contrato e das Condicións Específicas estará suxeita ao previsto nas cláusulas 3.3 e 3.4 das Condicións Xerais do Contrato de Subministración, de modo que se a compañía distribuidora propietaria da rede á que se conecta a Contratante denegase a alta do punto de subministración ou os cambios no contrato de acceso á rede necesarios para facer efectivo o Contrato de Subministración e estas Condicións Específicas, consideraranse ambos resoltos de maneira automática sen dereito a indemnización ningunha.

3.3. Do mesmo modo, a resolución do Contrato de Subministración por calquera causa implicará de maneira automática a resolución destas Condicións Específicas, pois a existencia dun Contrato de Subministración en vigor é requisito esencial para poder contratar a Tarifa Indexada.

3.4. Estas Condicións Específicas terán a duración do trimestre natural establecida na cláusula 3.3 das Condicións Xerais do Contrato de Subministración, que se iniciará coa firma destas Condicións Específicas ou a máis tardía das súas datas no caso de contratar máis dun produto adicional ao Contrato de Subministración.

4. DATA DE INICIO E DE FINALIZACIÓN DA TARIFA INDEXADA

4.1. Se a Contratante está contratando a Tarifa Indexada mediante unha modificación de tarifa e dispón dun Contrato de Subministración previo con SOM ENERGIA, SCCL, sen prexuízo do establecido na cláusula anterior sobre a entrada en vigor e a vixencia, as partes acordan que a Tarifa Indexada contratada se comece a aplicar a partir do primeiro día do ciclo de facturación seguinte á data destas Condicións Específicas. A enerxía consumida durante o ciclo de facturación en curso

no momento da sinatura destas Condicións Específicas facturárase coa tarifa que se aplicaba antes de contratar a Tarifa Indexada.

4.2. Se a contratación da Tarifa Indexada é simultánea á formalización do Contrato de Subministración con SOM ENERGIA, SCCL, a Tarifa Indexada comezase a aplicar tras cumprírense as condicións establecidas na cláusula 3 destas Condicións Específicas.

4.3. Se, unha vez iniciada a aplicación da Tarifa Indexada, a Contratante efectúa un cambio de tarifa a calquera das vixentes e dispoñíbeis de SOM ENERGIA, SCCL, aplicarase a Tarifa Indexada até o último día do ciclo de facturación en curso no momento de contratación da nova tarifa.

5. ADAPTACIÓN DA CLÁUSULA 5, «PREZO E ACTUALIZACIÓN»

5.1. As partes acordan engadir a cláusula 5.7 ás Condicións Xerais do Contrato de Subministración, que queda redactada da seguinte maneira:

5.7. No caso de contratar a Tarifa Indexada, a Contratante aboará, en contraprestación á subministración contratada, o prezo e demais conceptos descritos a seguir, así como os impostos aplicábeis ao tipo vixente en cada momento e todas aquelas prestacións patrimoniais ou outras legalmente esixíbeis. Do mesmo modo, se a Contratante o solicita a través de calquera das canles de contratación habilitadas por SOM ENERGIA, SCCL, engadírase ao importe anterior o correspondente ao donativo voluntario para axudar ao desenvolvemento da cooperativa.

O importe da enerxía é o resultado da suma para cada Unidade de Tempo (MTU) da multiplicación entre o consumo de enerxía activa entrante en cada MTU e o prezo da enerxía para esa MTU.

Importe do termo enerxía = Suma para cada MTU (kWh enerxía activa entrante h_i * PH)

h_i é cada unha das MTU de facturación en cuestión.

PH é o prezo da enerxía para cada MTU calculado seguindo a fórmula:

$$PH = 1,015 * [(PHM + Pc + SA + Dsv + GdO + P_{OsOm}) (1 + Perd) + FE + F] + PTD + CA$$

Onde:

- **PH** = Prezo da enerxía para cada MTU.

- **PHM** = Prezo resultante do mercado diario para cada MTU. Para os contratos da Península é o prezo publicado polo Operador do Mercado Ibérico da Enerxía (OMIE), mentres que para as Illas Baleares e Canarias é o prezo da demanda do Sistema Eléctrico Insular.

Península: <https://www.omie.es/es/spot-hoy>

- **Pc** = Pagamentos por capacidade publicados polo Ministerio anualmente, en función da peaxe de acceso contratada pola Contratante e aplicada á enerxía consumida pola Contratante.
- **SA** = Servizos de axuste publicados a diario por Rede Eléctrica de España (REE) para a xestión da rede, segundo o valor publicado no momento de xerar a factura (arquivo prdemCAD publicado por REE en liquicomun.zip).
- **Dsv** = Custo da penalización por desvíos entre enerxía programada e enerxía finalmente utilizada. O custo do Dsv obtense da suma dos valores publicados por REE para BS3, RAD3 e a media dos custos do desvío que subir e baixar multiplicado por un factor de desvío propio de SOM ENERGIA, SCCL, que se actualizará cada trimestre e do que se informará no web de SOM ENERGIA, SCCL (Factor Desvío). No caso de Baleares e Canarias, o Dsv obtense directamente a partir do prezo publicado por REE multiplicado polo Factor Desvío.

$$\mathbf{Dsv} = [1/2 (\text{CoDsvSu} + \text{CoDsvBa}) + \text{BS3} + \text{RAD3}] * \text{Factor Desvío}$$

$$\mathbf{Dsv} = \text{scdsvdem} * \text{Factor Desvío}$$

- **GdO** = Custo de adquisición dos certificados de Garantía de Orixe Renovábel da electricidade. Este custo dependerá da enerxía producida polas plantas de SOM ENERGIA, SCCL, e do custo de adquisición dos certificados de Garantía de Orixe Renovábel. Ao non tratarse dun custo regulado, depende das condicións acordadas cos provedores de certificados. Este custo actualizarase cada trimestre e informarse del no web de SOM ENERGIA, SCCL.
- **P_{OsOm}** = Custo do operador do sistema (REE) e do operador do mercado (OMIE). Trátase dun custo regulado establecido pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC). O custo do OMIE non se aplica aos contratos do Sistema Eléctrico Insular (Canarias, Baleares).

- **Perd** = Coeficientes de perdas reguladas de sistema desde o punto de xeración ao punto de consumo, segundo o valor publicado por REE no momento de xerar a factura.
- **FE** = Custo resultante segundo a normativa en vigor relativa á obriga de contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética (FNEE).
- **F** = Franxa da cooperativa (inclúe a marxe para a viabilidade da cooperativa).
- **PTD** = Custo regulado da peaxe de transporte e distribución establecida e publicada pola CNMC e aplicada sobre o total da enerxía consumida.
- **CA** = Custo regulado dos cargos do sistema eléctrico definidos polo Ministerio correspondente, aplicado sobre o total da enerxía consumida.

a) Termo de enerxía reactiva

SOM ENERGIA, SCCL, aplicará á facturación o que indica a lexislación vixente con respecto á forma de facturar os excesos de enerxía reactiva. Estes irán a cargo da Contratante e calcularanse segundo a porcentaxe de enerxía reactiva xerada na instalación con respecto ao consumo de enerxía activa.

b) Excesos de potencia

SOM ENERGIA, SCCL, aplicará á facturación o que indica a lexislación vixente con respecto á forma de facturar os excesos de potencia da tarifa de acceso, que irán a cargo da Contratante pola diferenza entre a potencia contratada e a finalmente utilizada.

c) Compensación simplificada

No caso de se acoller ao mecanismo de compensación simplificada, a comercializadora debe reflectir nas facturas esta compensación, de acordo coa información facilitada pola compañía distribuidora, consonte o que establece o Real decreto 244/2019 e outra normativa aplicábel a esta modalidade de autoconsumo. En particular, a comercializadora debe facturar a enerxía consumida da rede en períodos de facturación de 1 mes, de acordo coas lecturas e outra información enviada pola distribuidora, consonte os artigos 13 e 14 do Real decreto 244/2019, aplicando o prezo de compensación que se pacta a continuación.

O importe dos excedentes será a suma para cada MTU da multiplicación da enerxía activa saínte (excedentes) en cada MTU e o prezo de compensación de excedentes.

Importe compensación excedentes = SUMA PARA CADA MTU (kWh excedentes h_i * PHC h_i)

h_i representa cada unha das MTU do período de facturación en cuestión.

PHC representa o prezo de compensación de excedentes para cada MTU, que para os contratos da Península é o prezo do OMIE, mentres que para as Baleares e Canarias é o prezo para cada MTU da demanda do Sistema Eléctrico Insular (balear e canario, respectivamente) menos o prezo que deben achegar os excedentes insulares polos custos dos servizos de axuste na operación do sistema.

PHC Península = Prezo OMIE

PHC Insular = SphDem – SphAuto

Tal como marca a normativa, esta compensación será até un valor máximo de compensación que iguale o valor do termo de enerxía. Como comercializadora do mercado libre, tamén establecemos a compensación da parte regulada do custo da enerxía correspondente ás peaxes e os cargos. Se o valor económico da enerxía excedentaria é igual ou superior ao da enerxía utilizada, o importe do termo de enerxía na factura será de 0 euros.

6. FACTURACIÓN

6.1. As partes acordan engadir a cláusula 7.2.bis das Condicións Xerais do Contrato de Subministración, que queda redactada da seguinte maneira:

7.2.bis. Sen prexuízo do establecido na cláusula 7.2, os consumos tomados para aplicar a Tarifa Indexada determinaranse a partir das curvas de consumo facilitadas polo encargado da lectura. No caso de que SOM ENERGIA, SCCL, non poida facturar con base nesesas curvas, SOM ENERGIA, SCCL, aplicará aos consumos informados polo encargado da lectura ou obtidos dalgunha das maneiras previstas na cláusula 7.2. das Condicións Xerais do Contrato de Subministración os coeficientes perfilados publicados polo operador do sistema, de acordo co establecido na normativa

vixente para cada tipo de peaxe de acceso á rede da distribuidora¹. No caso dos puntos de subministración con peaxe de acceso á rede de distribución 6.1TD, aplicaranse os coeficientes perfilados previstos na normativa para a peaxe de acceso 3.0TD.

No caso de recibir as curvas de consumo nun formato distinto ao da MTU, seguiranse os procedementos indicados por REE para transformar as curvas á granularidade horaria da unidade de tempo de mercado (MTU).

Con carácter excepcional, cando SOM ENERGIA, SCCL, non poida facturar a Tarifa Indexada mediante as curvas de consumo facilitadas polo encargado da lectura, nin sobre a base dos consumos informados por este, nin tampouco mediante a aplicación dos coeficientes perfilados publicados polo operador do sistema, a facturación realizarase tomando como referencia o prezo medio indexado do mercado para cada período de facturación, calculado segundo os prezos horarios correspondentes ás MTU aplicábeis nese período.

SOM ENERGIA, SCCL, puxo á disposición da Contratante estas Condicións Específicas a través do seu sitio web (www.somenergia.coop) con anterioridade á súa contratación. Estas formalizáronse mediante sistemas de contratación previstos na cláusula 3.1 das Condicións Xerais do Contrato de Subministración, e remitiuse un exemplar en soporte duradeiro á Contratante logo de finalizar a contratación.

¹ Circular 3/2020, do 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.